

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de febreiro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e catro minutos do día oito de febreiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(46).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(47).-NOMEAMENTO INTERINO DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A INTERINO/A PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2017”. EXPTE. 29228/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 6/02/17, dáse conta do informe-proposta de 2/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

## 1.- ANTECEDENTES

Con data 17 de novembro de 2016, a Xefa do Servizo e o Xefe da Área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, remite oficio no que solicita, entre outros, no seu apartado d), no relativo ao programa “Axudas Extraordinarias a familias para gastos de Aloxamento, Subministros e Alimentación-2017”, o nomeamento interino de oito Auxiliares Administrativos/as, catro deles/as por execución do dito programa temporal e outros/as catro por acumulación de tarefas.

En resposta a esta petición o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 04 de xaneiro de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local de oito auxiliares interinos, catro deles por execución do referido programa e outros catro por acumulación de tarefas, de conformidade co disposto no artigo 10.1. c) e d) do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 27 de xaneiro de 2017, acordou o seguinte acordo:

**"PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de oito funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas (catro por execución de programa temporal e catro por acumulación de tarefas), como **Auxiliares de Administración Xeral**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) e d) do TREBEP, por un período máximo de once meses no caso do persoal nomeado por execución de programa e, de seis meses no caso do persoal nomeado por acumulación de tarefas, finalizando a relación de servizo transcorrido ditos períodos, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social contidas no escrito da xefa do Servizo e o xefe da Área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, de data 17 de novembro de 2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto por **128.290,84€**, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** En execución do contido no apartado anterior, nomear como funcionarias interinas por execución do programa de carácter temporal “Axudas Extraordinarias a familias para gastos de Aloxamento, Subministros e Alimentación-2017”, como **Auxiliares de administración xeral**, por un período de once meses e, con duración máxima ata o 31/12/2017, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) do TREBEP e de conformidade co informe-técnico de data 23/01/2016, a/o/s aspirantes que constan nas listas cos números num. 5-**SONEIRA VILLARINO, XOANA, DNI 36.163.678-L**, 15-**COLLAZO SAAVEDRA, M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN, DNI 36.063.966-N**, 19-**BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ, BEATRIZ, DNI 36.143.333-Y**, e, 21-**VÁZQUEZ BARBOSA, SUSANA, DNI 34.965.732-M**, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios na última convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliar de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**TERCEIRO:** Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como **Auxiliares de Administración Xeral**, por un período máximo de seis meses, aos aspirantes que constan nas listas cos números **36-COUÑAGO GONZÁLEZ, JOSÉ MANUEL, DNI 77.001.336-G, 39-CARRERA PÉREZ, RUBÉN, DNI 36.174.579-H, 45- IZQUIERDO MARTÍN, JOSÉ LUIS, DNI 32.633.254-A e, 30-GALLEGO SANTOS, RUTH Mª, DNI 44.458.160-B** na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da lista de substitucións da última oferta de emprego executada ou do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración Xeral, autorizado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 16/01/2015, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**CUARTO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto nos Artigos 10.1.c) e d) do TREBEP, rematando cando transcorran os once meses no caso do persoal nomeado por execución de programa e, de seis meses no caso do persoal nomeado por acumulación de tarefas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritos/as ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**QUINTO:** Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá e/ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**SEXTO:** Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, a Xefa do Servizo e ao Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos".

Nembargantes, a medio de escrito de data 31 de xaneiro actual, nº rexistro 170012529, unha das candidatas nomeadas, D<sup>a</sup>. Beatriz Bernárdez Rodríguez, DNI 36.143.333-Y, solicita a súa renuncia voluntaria por mellora de emprego, sendo necesario proceder ao nomeamento dun/dunha novo traballador a maior brevidade posible.

Consta no expediente da aprobación do programa, proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do importe total do gasto dos oito funcionarios interinos que integran o programa.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

## **I.- Nomeamento de funcionarios interinos por execución de programas de carácter temporal:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopan, a execución de programas de carácter temporal (apartado c). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá e/ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de

2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## **II. Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito de petición tanto da Xefa do Servizo de Benestar Social, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 04/01/2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016, prorrogado para o presente ano 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.e) e 26,3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición da Xefa do Servizo de Benestar Social, conformado polo Xefe da Área, coa conformidade da Concelleira-Delegada da área de Política Social que figura no expediente.

## **III. Proposta de gasto:**

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de once meses, de catro auxiliares administrativos/as por programa temporal e de outros catro auxiliares por acumulación de tarefas por un período de seis meses, supón un gasto de 128.290,84€, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 41.181,37€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, do vixente orzamento recentemente aprobado para o presente ano 2017.

No que respecta ao nomeamento proposto significar que funcionaria interina nomeada que presentou a renuncia voluntaria aínda non tiña tomado posesión, polo que o gasto que supón o nomeamento proposto, xa foi consignado e informado pola Intervención Xeral no correspondente informe de fiscalización de data 24/01/2017.

#### IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, corresponde o nomeamento **por execución de programa**, no lugar da aspirante que renunciou, da aspirante da lista a que se refire o anterior parágrafo, num. 22-**MARTÍNEZ PARDO, CAYETANA ALEJANDRA, DNI 53.183.075-Z**, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou nesta Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, compróbase que a aspirante proposta Sra. Martínez Pardo, está en condicións de ser nomeada.

#### V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e

Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, unha vez que a urxencia da cobertura da totalidade do persoal deste programa xa foi acordada, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Nomear funcionaria interina por execución do programa de carácter temporal “Axudas Extraordinarias a familias para gastos de Aloxamento, Subministros e Alimentación-2017”, como **Auxiliar de administración xeral**, por un período máximo de dez meses e vintetrés días, con duración máxima ata o 31/12/2017, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, a aspirante que consta na lista na posición num. 22-D<sup>a</sup>. **CAYETANA ALEJANDRA MARTÍNEZ PARDO, DNI 53.183.075-Z**, na súa condición de seguinte aspirante que superou todos os exercicios na última convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliar de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**SEGUNDO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Artigo 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra o período máximo de once meses (con duración máxima ata o 31/12/2017), percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscrita ao Servizo de Benestar Social, cód. 301.

**TERCEIRO:** Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá e/ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garanta os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo a aspirante nomeada, a Xefa do Servizo e ao Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(48).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DE MEMBROS DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN E DETERMINACIÓN DE LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 23 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, OEP 2010-2011, 2ª FASE. EXPTE. 29344/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7/02/17, dáse conta do informe-proposta de 31/01/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**1.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de decembro de 2010, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao citado exercicio (publicación no BOP do 04/02/2011 e no DOG do 18/02/2011), e o mesmo Órgano, en sesión de data 30 de decembro de 2011, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao citado exercicio (publicación no BOP do 16/02/2012 e no DOG do 28/02/2012).

**2.-** As bases xerais reitoras dos procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas que configuran a primeira fase da Oferta de Emprego Público foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de setembro de 2012, tendo sido publicadas no BOP o 31/10/2012 e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a segunda fase da Oferta de Emprego Público foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións de datas 05/12/2013 e 13/12/2013, tendo sido publicadas no BOP de 16/12/2013 e no DOG de 24/12/2013. Por outro lado, producíronse modificacións das ditas bases reitoras sendo publicadas no BOP de 12/06/2014 e no DOG de 23/06/2014 (acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/05/2014), BOP de 07/07/2015 e DOG de 23/09/2016 (acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/05/2015), BOP de 04/11/2016 e DOG de 09/11/2016 (acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/10/2016), BOP de 05/12/2016 e DOG de 27/12/2016 (acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/11/2016).

**3.-** Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal de 17/11/2013 (BOE nº 7 de 08/01/2014) procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos correspondentes á Oferta de Emprego Público 2010-2011 na súa segunda fase e novamente por Resolucións do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal de 09/11/2016 (BOE nº 278, do xoves 17/11/2016) e de 05/12/2016 (BOE nº 305, do luns 19/12/2016) procedeuse á nova convocatoria dos procesos selectivos en execución da Sentenza nº 256/2016, do 23 de xuño, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de vigo, que estima o recurso contencioso-administrativo presentado contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/02/2016 que declara a caducidade parcial da Oferta de Emprego Público 2010 e 2011 na súa segunda fase, e anula o acto recorrido, para a provisión das prazas seguintes:

- Policía Local (18 oposición libre e 5 mobilidade horizontal).



4.- Rematado o prazo de presentación de instancias -20 días naturais- o día 7 de decembro do 2016 para as prazas de Policía Local pola quenda libre e o 9 de xaneiro de 2017 para as prazas de Policía Local por mobilidade horizontal, en data 30/01/2017 pola Concellería-delegada de Xestión Municipal e Persoal, ditouse Instrución para a designación dos membros integrantes do órgano de selección, lugar e data de celebración do primeiro exercicio.

Así mesmo, procedeuse á verificación documental das solicitudes presentadas, de conformidade coas bases reitoras das convocatorias, con indicación da lista de excluídos nas prazas convocadas, comprobándose así mesmo que todos/as os membros designados/as no órgano de selección, están en posesión de titulación igual ou superior á esixida en cada unha das convocatorias, e pertencen a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo, contando con carácter xeral, todos eles coa especialidade técnica requirida para a mesma, nos termos recollidos no informe técnico de data 30/01/2017 anexo ao expediente.

En consecuencia, procede elevar ao órgano competente proposta de aprobación dos referidos aspectos.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que:

*“Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.*

*O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.*

*A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén”.*

Así mesmo, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

*“1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.*

*2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:*

*a) O persoal de elección ou de designación política.*

*b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.*

*c) O persoal eventual.*

*d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

*3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.*

*4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.*

5. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

6. A composición e o réxime de funcionamento dos órganos de selección estableceranse regulamentariamente.

7. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden crear órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos.”

**II.-** O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61 do antedito Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Emprego Público, así como o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que poidan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

**III.-** Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, xa contemplaba no seu artigo 127.1, apartado h) que a composición dos tribunais de oposicións será predominantemente técnica, debendo posuír todos os seus membros un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso nas prazas convocadas.

En consecuencia, visto o recollido na Base 7ª das Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2010-2011 en canto á competencia da Xunta de Goberno Local, e considerando igualmente o disposto no artigo 127 citado anteriormente, propónse ao dito órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

“**Primeiro.-** Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nos procesos selectivos convocados para a provisión das seguintes prazas: Policía Local (18 oposición libre e 5 mobilidade horizontal), contidas nas Ofertas de Emprego público correspondentes aos anos 2010 e 2011, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes presentados a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos do informe emitido polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos en data 30/01/2017 e polos motivos indicados co código correspondente:

**POLICÍA LOCAL  
QUENDA LIBRE**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
ABAD SÁNCHEZ	MARCOS	*****933P	EXCLUÍDO/A (1)
ACUÑA LÓPEZ	AGUSTÍN	*****716Y	EXCLUÍDO/A (3,4)
AIRABELLA MARRA	DANIEL	*****617T	EXCLUÍDO/A (4)
AJENISE-KUTI AKINDEINDE	OLUKEMI OLUFUNMIL	*****560T	EXCLUÍDO/A (3,4)
ALCAINE TORRES	SERGIO	*****158N	EXCLUÍDO/A (4)
ALCÁNTARA TRONCOSO	DIEGO	*****951P	EXCLUÍDO/A (3,4)
ALFONSO VIEITES	BERNARDO	*****406J	EXCLUÍDO/A (3,4)
ALONSO DOMÍNGUEZ	GLORIA	*****608Q	EXCLUÍDA (3,4)
ALONSO ESMORÍS	HÉCTOR	*****394A	EXCLUÍDO/A (3,4)
ALONSO FERNÁNDEZ	JORY MANUEL	*****348N	EXCLUÍDO/A (4)
ALONSO RODRÍGUEZ	JOSE ÁNGEL	*****774B	EXCLUÍDO/A (3,4)
ALONSO SANDIAS	RICARDO	*****364Z	EXCLUÍDO/A (4)

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
ALONSO VILA	IVÁN	*****747W	EXCLUÍDO/A (4)
ÁLVAREZ GONZÁLEZ	FRANCISCO	*****510M	EXCLUÍDO/A (6)
ÁLVAREZ MARTÍNEZ	MARTA	*****399D	EXCLUÍDO/A (4)
ÁLVAREZ OTERO	YAGO	*****846B	EXCLUÍDO/A (3,4)
ÁLVAREZ PARADA	JUAN SALVADOR	*****030G	EXCLUÍDO/A (4)
ÁLVAREZ SÁNCHEZ	DANIEL	*****724K	EXCLUÍDO/A (3,4)
ÁLVAREZ SOLANO	DIEGO	*****211M	EXCLUÍDO/A (4)
ANDRÉS SILVA	ALICIA	*****776D	EXCLUÍDO/A (2)
ANEIROS GANDARA	CARLOS	*****418M	EXCLUÍDO/A (3,4)
AÑÓN CANEDO	RAFAEL MANUEL	*****796J	EXCLUÍDO/A (3,4)
ANTELO SANTOS	SERGIO	*****033G	EXCLUÍDO/A (4)
ANTELO VÁZQUEZ	JAVIER	*****414N	EXCLUÍDO/A (4)
ARIAS GUTIÉRREZ	FERNANDO	*****576H	EXCLUÍDO/A (3,4)
ARISTEGUI GONZÁLEZ	BEATRIZ	*****914H	EXCLUÍDA (4)
ARMADA CORRAL	ALEJANDRO	*****211M	EXCLUÍDO/A (4)
BALLON CÚE	JOSE MANUEL	*****242E	EXCLUÍDO/A (2,3,4)
BANIELA GARCÍA	RUBÉN	*****529L	EXCLUÍDO/A (3,4)
BARBEITO FERNÁNDEZ	MANUEL	*****902H	EXCLUÍDO/A (4)
BARCALA CAMPOS	MARCOS	*****207B	EXCLUÍDO/A (3,4)
BARREIRO RODRÍGUEZ	DAVID	*****306Z	EXCLUÍDO/A (3,4)
BARRIENTOS VARELA	SERGIO	*****620M	EXCLUÍDO/A (3,4)
BAZARRA LÓPEZ	ALEJANDRO	*****281Q	EXCLUÍDO/A (3,4)
BEA CACABELOS	RODRIGO	*****694B	EXCLUÍDO/A (3,4)
BELAY MARRERO	ROBERTO	*****062Q	EXCLUÍDO/A (4)
BERMO SAMPEDRO	ANTONIO	*****940N	EXCLUÍDO/A (3,4)
BERMÚDEZ ÁLVAREZ	DANIEL	*****383J	EXCLUÍDO/A (1)
BERMÚDEZ FERNÁNDEZ	NONITO ÁNGEL	*****453K	EXCLUÍDO/A (3,4)
BERMÚDEZ GONZÁLEZ	RUBÉN	*****713H	EXCLUÍDO/A (4)
BLANCO DÍAZ	IVÁN	*****186M	EXCLUÍDO/A (3,4)
BLANCO FERNÁNDEZ	DAVID	*****387R	EXCLUÍDO/A (4)
BLANCO GARCÍA	ÓSCAR	*****907H	EXCLUÍDO/A (3,4)
BUDIÑO DUARTE	MARIO JOSÉ	*****835A	EXCLUÍDO/A (3,4)
CABALLERO VÁZQUEZ	TAMARA ANTÍA	*****891Y	EXCLUÍDO/A (4)
CABRAL ALONSO	ISAAC	*****567F	EXCLUÍDO/A (4)
CAL FERNÁNDEZ	ÓSCAR	*****596N	EXCLUÍDO/A (1)
CALDERÓN GÁNDARA	ENRIQUE	*****978L	EXCLUÍDO/A (3,4)
CALVO ESTÉVEZ	SAMUEL	*****557E	EXCLUÍDO/A (2,4)
CALVO GONZÁLEZ	ERIC ALFONSO	*****333W	EXCLUÍDO/A (3,4)
CALVO MUÑÍZ	IVÁN	*****183V	EXCLUÍDO/A (3,4)
CALZÓN PALMEIRO	BEATRIZ ALICIA	*****072H	EXCLUÍDO/A (4)
CAMESELLE MARTÍNEZ	IRIA	*****929Z	EXCLUÍDO/A (5)
CAMPO COMBA	PABLO	*****457G	EXCLUÍDO/A (3,4)
CAMPOS BREA	ROCIO	*****797T	EXCLUÍDO/A (4)
CAMPOS FERNÁNDEZ	ALEXANDRA	*****511K	EXCLUÍDA (3,4)
CAMPOS TUBÍO	ANDRÉS	*****228M	EXCLUÍDO/A (3,4)
CAÑAS GÓMEZ	IVÁN	*****903V	EXCLUÍDO/A (3,4)
CAPELÁN MARTÍNEZ	EMILIO JOSÉ	*****088Z	EXCLUÍDO/A (3,4)
CASADO SEIJAS	CLAUDIA	*****591D	EXCLUÍDO/A (3,4)
CASAL COSTAS	MANUEL ALEJANDRO	*****515T	EXCLUÍDO/A (3,4)
CASANOVA BARREIRO	ÁLVARO	*****440Z	EXCLUÍDO/A (2,4)

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
CASTRO COLLAZO	RODRIGO	*****658A	EXCLUÍDO/A (3,4)
CASTRO GARCÍA	JESÚS	*****210F	EXCLUÍDO/A (3,4)
CASTRO PENA	CRISTIAN	*****869Y	EXCLUÍDO/A (3,4)
CASTRO REAL	RAFAEL EDUARDO	*****576X	EXCLUÍDO/A (3,4)
CASTRO VIGO	EVA	*****283H	EXCLUÍDO/A (3,4)
CASTRO VIZOSO	NOELIA	*****304H	EXCLUÍDO/A (3,4)
CENDÓN DOMÍNGUEZ	MARCOS	*****934D	EXCLUÍDO/A (3,4)
CERVINO OCAMPO	JOSE IGNACIO	*****042J	EXCLUÍDO/A (3,4)
CHAMORRO REY	IVÁN	*****132N	EXCLUÍDO/A (4)
CHOREN GARCÍA	ADRIÁN	*****277Z	EXCLUÍDO/A (3,4)
COLMENERO RODCHANTHONG	LUIS MIGUEL	*****371T	EXCLUÍDO/A (3,4)
COMESAÑA AMBROSIO	ÚRSULA	*****567B	EXCLUÍDO/A (4)
COMESAÑA PIRES	ANTONIO	*****100G	EXCLUÍDO/A (4)
COMESAÑA RODRÍGUEZ	ALBERTO	*****486D	EXCLUÍDO/A (3,4)
CONDE CASTRO	DAVID	*****872E	EXCLUÍDO/A (3,4)
CONDE MARTÍNEZ	IVÁN	*****762J	EXCLUÍDO/A (4)
CONSTANTINO FERNÁNDEZ	FRANCISCO JOSE	*****803D	EXCLUÍDO/A (3,4)
COSTAS DURÁN	VERÓNICA	*****200R	EXCLUÍDO/A (4)
COSTOYA MOSTEIRO	MARCOS	*****855K	EXCLUÍDO/A (4)
COTA MOREIRA	VÍCTOR MANUEL	*****885Y	EXCLUÍDO/A (3,4)
CRESPO VÁZQUEZ	JOSE MANUEL	*****994D	EXCLUÍDO/A (3,4)
CRiado LÓPEZ	SERGIO	*****488N	EXCLUÍDO/A (3,4)
CURRÁS TOREA	CARLA	*****113P	EXCLUÍDA (3)
DÍAZ CERVIÑO	ÓSCAR	*****240S	EXCLUÍDO/A (4)
DÍAZ TABOADA	JUAN JOSE	*****571E	EXCLUÍDO/A (3,4)
DÍEZ MARTÍNEZ	CAROLINA	*****166M	EXCLUÍDO/A (3,4)
DIZ LOZANO	SERGIO	*****635T	EXCLUÍDO/A (3,4)
DOMÍNGUEZ BORINES	GABRIEL	*****117L	EXCLUÍDO/A (4)
DOMÍNGUEZ IGLESIAS	DAVID	*****556T	EXCLUÍDO/A (4)
DOMÍNGUEZ MAYA	SERGIO	*****992Q	EXCLUÍDO/A (4)
DOMÍNGUEZ SEOANE	FRANCISCO JAVIER	*****412Y	EXCLUÍDO/A (4)
FACHADO BLANCO	CARLOS	*****616R	EXCLUÍDO/A (3,4)
FARO DEL PICO	SERGIO	*****514Y	EXCLUÍDO/A (4)
FERNÁNDEZ ALARCOS	RAFAEL	*****274Z	EXCLUÍDO/A (4)
FERNÁNDEZ ALONSO	LUCÍA	*****059J	EXCLUÍDA (4)
FERNÁNDEZ CALDERÓN	SERGIO	*****980G	EXCLUÍDO/A (7)
FERNÁNDEZ ESTÉVEZ	MARÍA LUISA	*****009D	EXCLUÍDO/A (4)
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	ELIZABETH	*****900Q	EXCLUÍDO/A (3,4)
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	YAGO	*****048N	EXCLUÍDO/A (3,4)
FERNÁNDEZ LÓPEZ	CRISTINA	*****832F	EXCLUÍDO/A (3,4)
FERNÁNDEZ OTERO	MARINA	*****907A	EXCLUÍDA (3,4)
FERNÁNDEZ PEREIRAS	DANIEL	*****938Y	EXCLUÍDO/A (3,4)
FERNÁNDEZ PÉREZ	NOELIA	*****727G	EXCLUÍDO/A (3,4)
FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	LUIS	*****150X	EXCLUÍDO/A (2,3,4)
FERNÁNDEZ SÁNCHEZ	GUILLERMO	*****615Z	EXCLUÍDO/A (3,4)
FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	PABLO	*****228S	EXCLUÍDO/A (3,4)
FERNÁNDEZ YAÑEZ	VANESA	*****643C	EXCLUÍDO/A (4)
FORMIGO RODRÍGUEZ	ADRIÁN	*****746D	EXCLUÍDO/A (3,4)
FRAGA OTERO	IVÁN	*****269Q	EXCLUÍDO/A (4)
FREIRE ESTRAVIZ	ADRIÁN	*****049E	EXCLUÍDO/A (4)

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
FREIRE GÓMEZ	MARÍA NATALIA	*****079D	EXCLUÍDO/A (3,4)
FREIRE LÓPEZ	MIGUEL ALEJANDRO	*****034D	EXCLUÍDO/A (3,4)
